

**ORZAMENTO PROVINCIAL 2024****PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE RRHH SOBRE O CADRO DE PERSOAL E RPTS**

Iniciado o trámite de elaboración do orzamento provincial do próximo exercicio e unha vez reunido coas vicepresidencias e deputados/as delegados/as de área sobre a valoración das peticións das distintas xefaturas de servizo e centros da Deputación Provincial, considerando as necesidades que se estiman prioritarias para mellorar a organización e funcionamento desta Institución e dos seus órganos de goberno, formulase a seguinte **PROPOSTA** de modificación do cadro de persoal e RPTs, na que se contemplan diferentes variacións por Servizo ou Centro, as cales se detallan a continuación:

**1. BENESTAR SOCIAL**

## 1.1. Cambio de denominación do Servizo

Modifícase a denominación deste Servizo, de "Cohesión Social e Xuventude" por "Benestar Social", distribuíndose o persoal adscrito ao mesmo entre este Servizo e un novo de "Xuventude e Reto demográfico", o cal se estrutura noutro apartado.

## 1.2. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a	C1	Administrativo/a	20	Benestar Social	231

A creación desta praza de administrativo/a de admón. xeral, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, responde a insuficiente dotación de persoal administrativo para a tramitación dos expedientes de subvencións do Servizo, e sobre todo tendo en conta que por redistribución de efectivos trasládase un posto de administrativo ao Servizo Oral por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións nese Servizo.

## 1.3. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, ocupado por Dona Beatriz Vila Señoráns, ao Centro Príncipe Felipe, co obxecto de incorporar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións por motivos de saúde.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo, subgrupo C1, nivel 20, deste Servizo ao Oral (DLP), por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións autorizada en base a experiencia adquirida en anos anteriores.



#### 1.4. Modificación da estrutura de persoal do Servizo de Benestar Social

Estando prevista a creación do novo Servizo de “Xuventude e Reto demográfico”, no que integran parte das competencias do Servizo de Benestar, procede adecuar a estrutura de persoal, que queda integrada polo seguintes postos:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Traballador/a social	A2	Xefatura de Servizo	25	Adscrición Provisional SVV
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico xestión	23	Vacante
1	Traballador/a social	A2	Traballador/a social	23	Reservada FC en CS (MCF)
1	Traballador/a social	A2	Traballador/a social	23	Reservada FC Exced. CH (ACC)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante de nova creación

## 2. PRÍNCIPE FELIPE 232

### 2.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Oficial/a de control e vixilancia	C2	Oficial/a de control e vixilancia	17	Príncipe Felipe	232
1 Administrativo de admón. xeral	C1	Administrativo	20	Príncipe Felipe	232

A creación de dunha praza de oficial/a de control e vixilancia, subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao **Príncipe Felipe**, contemplase co fin de unificar no mesmo grupo de clasificación as prazas que veñen realizando as mesmas funcións. A creación desta praza levarase a cabo sobre a praza de axudante de control e vixilante, do grupo E, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación da praza de administrativo de admón. xeral, subgrupo C1, propónse con cargo á amortización dunha praza de auxiliar do subgrupo C2, e solicítase para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal, que require dispor de persoal especializado para colaborar na tramitación de expedientes, elaboración de informes, preparación da documentación etc..

### 2.2. Cambios de adscrición de postos de traballo

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar de xestión tributaria e información do Servizo Oral ao Centro Príncipe Felipe, obedece a unha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Servizo no que desenvolve a súa actividade (Susana Castiñeiras Piñeiro).



O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, ocupado por Beatriz Vila Señorans, do Servizo de Cohesión Social a Príncipe Felipe, xustifícase na incorporación da titular no centro no que ven exercendo as súas funcións por motivos de saúde.

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna deste Centro ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, motivase nunha atribución temporal de funcións da titular (CNC) por motivos de saúde.

### 2.3. Transformación de postos de traballo

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR
2 Oficial/a xefe de Cociña	C2-18	2 Cociñeiro/a	C2-18
1 xefe/a de cociña	C1-21	1 xefatura de cociña e comedor	C1-21

A transformación dos dous postos de traballo de oficial/a xefe/a de cociña, do subgrupo C2, nun posto de Cociñeiro/a, do mesmo grupo e retribución, responde a un cambio na denominación do posto para adecualo ás funcións que realmente teñen atribuídas e que veñen desempeñando, marcando a diferenza nas tarefas que lles corresponden, de cociñeiro e axudante de cociña.

A transformación do posto de traballo de xefatura de cociña nunha xefatura de unidade de cociña e comedor deriva da integración nun mesmo posto das funcións que teñen encomendadas estas dúas unidades.

### 2.4. Revisión de niveis de Complemento de destino

Revisase o nivel de complemento de destino de catro postos de oficial/a de cociña, subgrupo C2, adscritos ao Centro Príncipe Felipe, que se transforman en catro postos de cociñeiros, pasando do nivel 17 ao 18, co fin de adaptalos ás necesidades reais do servizo e as funcións que están a desenvolver.

## 3. PROMOCIÓN DE EMPREGO

### 3.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a medio/a de admón. xeral	A2	Técnico/a medio/a de admón. xeral	23	Promoción de emprego	

A creación desta praza de técnico/a medio/a de admón. xeral, subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, efectúase para poder garantir un correcto funcionamento do servizo, dado o elevado número de programas formativos que nestes momentos se están xestionando.



### 3.2. Cambios de adscripción de postos de traballo

Cámbiase a adscripción do posto de traballo de técnico/a de xestión para integralo no Servizo de NNTT, por redistribución de efectivos, co fin de incorporar ao titular no servizo onde veu desempeñando este posto de traballo nos últimos anos, e tendo en conta que coñece os procedementos que xestiona o Servizo e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden

## 4. IGUALDADE 250

Cámbiase a adscripción dun posto de traballo de auxiliar, subgrupo C2, nivel 18 de Igualdade a Tesourería, por atoparse a titular realizando funcións nesta área (Beatriz Castro Diéguez).

## 5. MUSEO PROVINCIAL 333

### 5.1. Amortizacións:

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
ARQUIVEIRO/A	1	A1	25
BIBLIOTECARIO/A	1	A1	25
CONSERVADOR/A	4	A1	25
RESPONSABLE DE EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES CULTURAI	1	A1	25
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	1	A2	23
AXUDANTE/A BIBLIOTECA	1	A2	23
AXUDANTE/A CONSERVACION ARQUIVO GRAFICO	1	A2	23
AXUDANTE/A DE EDUCACION	1	A2	23
CONSERVADOR/A RESTAURADOR/A	3	A2	23
TECNICO/A AUXILIAR DE EDUCACION	7	C1	20
RESPONSABLE DE MONTAXE	1	C2	18
OFICIAL/A DE SERVIZOS XERAIS E SUBALTERNOS	5	C2	16
SUBALTERNO/A DE OFICIOS VARIOS	8	E	14

Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

### 5.2. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantéñense na RPT de persoal laboral fixo os postos de traballo ocupados polas persoas que non participaron no proceso selectivo, que son os seguintes:



POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
COORDINADOR/A DE PUBLICACIÓN	1	A1	25
ADMINISTRATIVO XEFE DE NEG	1	C1	22
LIMPIADOR/A	1	E	14

### 5.3. Estrutura organizativa do servizo

De acordo coa estrutura organizativa existente no Museo Provincial no momento no que se crean as prazas de persoal funcionario para levar a cabo os procesos de promoción interna horizontal a prazas de persoal funcionario, procede manter a asignación de niveis de complemento de destino e importe de complemento específico que se tiveron en conta para a provisión dos anteriores postos de maior responsabilidade, quedando tal e como se detallan a continuación:

PRAZA	RX	G	NIV	POSTO DE TRABALLO
ARQUIVEIRO/A (MJFA)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCIÓN DOCUMENTACIÓN
CONSERVADOR/A (MATJ)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCIÓN DE COLECCIÓN
AXUDANTE/A DE EDUCACION (PTO)	FC	A2	25	XEFATURA DE SECCION DE PUBLICOS
RESPONSABLE DE EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES CULTURAI (FCR)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCION DE EXPOSICIONS
CONSERVADOR/A (MCED)	FC	A1	25	XEFATURA DA UNIDADE DE ARQUIVO
CONSERVADOR/A RESTAURADOR/A (MSBV)	LF	A2	24	XEFATURA DA UNIDADE DE CONSERVACION/RESTAURACION (A2-24)

Dado que a persoa titular do posto de traballo, laboral fixo, de "coordinador/a de publicacións e responsable da Unidade de Publicacións", non participou no proceso de promoción interna horizontal, mantense o posto tal e como estaba configurado na RPT de persoal laboral fixo do Museo Provincial no ano 2023, coa mesma retribución total.

Todos os demais postos que pasan a formar parte da RPT de persoal funcionario conservan a retribución total que tiñan recoñecida, con plena garantía das condicións establecidas nas bases da convocatoria destes procesos selectivos.

### 5.4. Cambio de adscrición de posto de traballo

O cambio de adscrición do posto de traballo de administrativo do Servizo de Contratación ao Museo Provincial, propónse por redistribución de efectivos e para integrar á titular no servizo no que desenvolve a súa actividade (Alma María Pérez Aguiño).



## 6. PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO. 332

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna do Centro Príncipe Felipe a este servizo, motivase nunha atribución temporal de funcións da persoa titular por motivos de saúde (CNC).

## 7. CULTURA 330

Cambiase a adscrición dunha persoa funcionaria con posto de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, de Intervención a Cultura, por atoparse desempeñando as súas funcións neste Servizo (Andrea Muiños Dios).

## 8. DEPORTES 340

Cambiase a adscrición dunha persoa funcionaria con posto de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, de Intervención a Deportes, por atoparse desempeñando as súas funcións neste Servizo (María Aranzazu Tomé González)

## 9. SERVICIO DE MEDIO AMBIENTE. 410

### 9.1. Cambio de adscrición do posto de traballo

O cambio de adscrición do posto de xefatura de Sección de Pesca e Cultivos Mariños de Asistencia Intermunicipal a este Servizo, prodúcese por ter a persoa titular, dereito á reserva de dito posto de traballo neste destino, atopándose actualmente en situación administrativa de servizos especiais.

### 9.2. Revisión do complemento específico

Asignase o factor dedicación dentro do complemento específico ao posto de traballo de xefatura de Sección da Explotación Gandeira da Finca Mouriscade, pola dispoñibilidade e responsabilidade que require o exercicio das súas funcións, así como polo volume de traballo e a particularidade da actividade que desenvolve en gran parte, fóra da xornada laboral, nas diferentes granxas da provincia coa implantación de embrións.

## 10. FINCA AREEIRO 413

### 10.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Enxeñeiro/a forestal	A2	Enxeñeiro/a forestal		E.F. Areeiro	413



A creación da praza de enxeñeiro/a forestal, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23 de complemento de destino, xustifícase para poder atender a demanda da práctica totalidade dos concellos da provincia que están solicitando a realización de estudos e informes de arboredo e xardíns. Este posto encargaría das tarefas de campo tales como mapificación e identificación de especies obxecto de estudo, recollida de mostras e elaboración de informes seguindo as indicacións e protocolos da EFA.

#### 10.2. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición do posto de traballo de analista de laboratorio, subgrupo C1, ocupado por Dona Susana Del Caño Pereira da Finca Mouriscade á Estación Fitopatolóxica de Areiro, co obxecto integrar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións.

### 11. SERVIZO DE TURISMO 433

#### 11.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo AX	C1	Administrativo	20	Turismo	433
1 Técnico/a informador/a turístico/a	C1	Técnico/a informador/a turístico/a	20	Turismo	433

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, efectúase por necesidades de servizo, ao non dispor de persoal suficiente para a tramitación administrativa, e para cadrar os movementos de persoal por atribución temporal de funcións.

A creación dunha praza de técnico/a informador turístico, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, ven a reforzar o servizo de atención ao público e información turística.

#### 18.2. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
Técnico/a de administración	1	A1	25
Técnico/A de turismo xefatura de Sección servizos turísticos	1	A2	25
Técnico/a de turismo xefatura de negociado de intelixencia turística	1	A2	24
Técnico/a de turismo	2	A2	23
Administrativo/a	2	C1	20



Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

## 12. CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO 922

### 14.1 Cambios de adscrición

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, de Intervención ao Servizo de Contratación propónse por redistribución de efectivos e para integrar á titular no Servizo no que desenvolve a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de traballo deste Servizo ao Museo Provincial, responde a unha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Servizo no que leva a cabo a súa actividade (APA).

## 13. SECRETARÍA XERAL 920

### 15.2. Revisión de niveis de Complemento de destino

Asígnase ao posto de traballo de administrativo/a, subgrupo C1, ocupado por D<sup>a</sup> Ramona Otero Tanoira, a xefatura de negociado de actas do pleno, co nivel 22 de complemento de destino, para que se encargue de dirixir, coordinar e supervisar a actividade do negociado e do seu persoal.

Asígnase ao posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, ocupado por D<sup>a</sup> Sofia Arca Lavandeira, a xefatura de negociado de servizos xerais co nivel 22 de complemento de destino, para que se encargue de dirixir, coordinar e supervisar a actividade do negociado e do seu persoal.

### 15.3. Revisión complemento específico

Asígnase ao posto de traballo de asesor/a xurídico en administración electrónica, transparencia e protección de datos o factor dedicación dentro de complemento específico, ante o elevado número de informes técnicos que se lle requiren.

## 15. RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN 921

### 15.2. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Técnico/a auxiliar relacións laborais	C1	Técnico especialista en relacións laborais	20	RRHH e Formación	922

A creación da praza de técnico/a auxiliar en relacións laborais, con posto de traballo de técnico especialista, nivel 20, propónse con cargo á amortización dunha praza de auxiliar do subgrupo C2,





co fin de completar o equipo de traballo de nóminas, e ante a necesidade de efectuar unha redistribución de funcións para mellorar a organización do servizo, sobre todo tendo en conta a próxima xubilación da persoa responsable da sección de nóminas.

#### 16.2. Cambios de adscrición

Cambiase a adscrición da persoa titular dun posto de traballo de administrativo de Intervención a este Servizo por redistribución de efectivos e para integrala no Servizo no que está exercendo as súas funcións.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo deste Servizo á área de Intervención por redistribución de efectivos e co fin de consolidar a dotación de persoal existente nesa área de actividade.

#### 15.3. Revisión complemento específico

Asignase ao posto de traballo de xefatura de sección de formación o factor dedicación dentro de complemento específico, como consecuencia do elevado número de accións formativas que se organizan cada ano a través da plataforma de teleformación, o incremento da participación, así como pola atención e apoio que se debe prestar aos docentes fóra da xornada laboral cando están a desenvolver as accións formativas, asumindo a maior parte das tarefas de forma autónoma e independente conforme a criterios previamente establecidos.

Suprímese o factor dedicación nun posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, en compensación da nova asignación á xefatura de sección de formación.

### 16. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL 923

Asignase o factor dedicación ao posto de traballo de xefatura de Sección de Residuos, dado o volume de traballo que a titular está a desenvolver fóra da xornada laboral para a emisión dos informes técnicos que se solicitan, especialmente en materia de residuos e medio ambiente, ou para prestar asesoramento e asistencia aos concellos que o requiren, entre outras.

### 17. COMUNICACIÓN 924

#### 16.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Técnico/a auxiliar en preimpresión	C1	Técnico/a auxiliar en preimpresión	20	Comunicación Institucional	924

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en preimpresión, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista, nivel 20, levase a cabo con cargo á amortización dun posto das mesmas



características, de técnico/a auxiliar teclista, de persoal laboral fixo, e configurase cun perfil mais adecuado ás actividades que competen ao servizo.

#### 16.2. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantense na RPT de persoal laboral fixo o posto de traballo ocupado pola persoa que non participou no proceso selectivo de promoción interna horizontal a prazas de persoal funcionario, que é o seguinte:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
TÉCNICO/A AUXILIAR MAQUINA OFFSET	1	C1	20

### 18. NOVAS TECNOLOXÍAS 926

#### 17.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Deseñador/a	C1	Deseñador/a	20	NNTT	926
2 Técnico/a de sistemas	A2	Técnico/a de sistemas	23	NNTT	926
1 Programador/a web	C1	Programador/a web	20	NNTT	926

A creación dunha praza de deseñador/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, prodúcese por equiparación con outras do mesmo contido e grupo de clasificación, a través do sistema de reclasificación de persoal e con cargo a amortización dunha praza de informático gravador/a, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño gráfico, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo e co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

De igual forma, para a creación de dúas prazas de técnico/a de sistemas, subgrupo A2 con postos de traballo de igual denominación, niveis 23, utilízase o mesmo procedemento, estando motivadas no volume de traballo existente así como na necesidade de dar estabilidade e mellorar a estrutura de persoal do Servizo e adecuala ao contido das labores que se deben acometer.

A creación dunha praza de programador do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, ven a completar a estrutura do persoal do servizo, asegurando o soporte informático da administración electrónica.

#### 17.2. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo

Amortízase o posto de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:



POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
XEFATURA DE NEGOCIADO DE PROXECTOS	1	C1	20

Ao mesmo tempo, dótase de consignación económica a praza e posto creado para a promoción interna horizontal que vai a ser ocupada por persoal funcionario.

#### 17.3. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantéñense na RPT de persoal laboral fixo os postos de traballo ocupados polas persoas que non participaron no proceso selectivo, que son os seguintes:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
XEFATURA DE NEGOCIADO DE PROGRAMACIÓN	1	C1	20
XEFATURA DE NEGOCIADO DE SISTEMAS	1	C1	20

#### 17.4. Cambio de adscrición

Cambíase a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión, subgrupo A2, do Servizo de Promoción de Emprego a NNTT, por redistribución de efectivos e fin de incorporar o titular no Servizo no que veu desenvolvendo a súa actividade nos últimos anos, tendo en conta que coñece os procedementos e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden (José Ramón Pérez González).

### 19. INTERVENCIÓN 931

#### 18.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a	C1	Administrativo/a	20	Intervención	931

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, ven a reforzar a dotación de persoal no Servizo de Fiscalización e Asesoramento.

#### 18.2. Cambio de adscrición

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, subgrupo C2, de Intervención a Contratación, ten por obxecto integrar a persoa titular no Servizo no que ven desempeñando as súas funcións (Rocio Carrera Rodríguez).



O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de auxiliar subgrupo C2, do Servizo Oral a Intervención, deriva da súa integración no servizo no que se atopa realizando as súas funcións (Ana Belén González Sanmartin)

O cambio de adscrición de dúas persoas funcionarias que ocupan dous postos de auxiliar administrativo, subgrupo C2, nos Servizos de Cultura e Deportes (María Aranzazu Tomé González e Andrea Muiños Dios) motivase na incorporación definitiva na RPT dese Servizo.

O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de administrativo, subgrupo C1, de Asesoría Xurídica a Intervención, prodúcese por estar desenvolvendo as súas funcións nesta área (Nicolás Ortega Rodríguez)

O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de administrativo, subgrupo C1, de Prevención a Intervención, levase a cabo por estar realizando funcións nesta área, por necesidades do servizo (Sara Lago Rivas).

O cambio de adscrición de dúas persoas funcionarias con postos de administrativo/a, subgrupo C1, de Intervención a Tesourería (Alexandra Tato e María de las Virtudes Blanco Fariña), promovese para que se proceda a súa incorporación definitiva no Servizo no que ven desempeñando as súas funcións.

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, de Recursos Humanos e Formación a esta área, xustifícase por redistribución de efectivos e co fin de consolidar a dotación de persoal existente en Intervención.

### 19.3. Creación dunha xefatura de Servizo de fiscalización de persoal

Por razóns organizativas, transformase o posto de adxunto/a á xefatura de Servizo de fiscalización en materia de persoal do subgrupo A1, nunha xefatura de Servizo de Fiscalización de persoal, co fin de constituír un Servizo independente dos que conforman esta área, ao tratarse de materias completamente diferentes, e tendo en conta o volume de traballo, a complexidade da funcións e responsabilidades que derivan do seu ámbito de actuación, tanto polo seu contido como pola súa especificidade.

## 19. SERVIZO ORAL 932

### 19.1. Creación de prazas de persoal funcionario:

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a medio de xestión tributaria	A2	Técnico/a de xestión tributaria	23	Oral	932



8 Administrativo/a	C1	Administrativo/a rama tributaria	20	Oral	932
--------------------	----	----------------------------------	----	------	-----

A creación de oito prazas de administrativo/a rama tributaria, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, e unha praza de técnico/a medio/a de xestión tributaria, con posto de traballo de igual denominación, propónse para completar a estrutura de persoal, amortizando os postos de auxiliar, do subgrupo C2, que se atopan ou queden vacante este ano, para así unificar as funcións que están realizando e favorecer a promoción e consolidación do persoal nun grupo superior.

#### 19.2. Amortización de prazas de persoal funcionario

Posto de traballo	GR	CD	Servizo	CX
1 Auxiliar administrativo (DLP)	C2	18	Oral	934
2 Auxiliar de xestión tributaria e información (MGC), (ABGS)	C2	18	Oral	934
6 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18	Oral	934

A amortización de nove prazas de auxiliar do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, nivel 18, obedece a promoción ou traslado das titulares, así como á creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións ao posto de traballo a desempeñar. Destas 9 prazas, seis quedarán vacantes en canto finalicen os procesos selectivos convocados para promoción interna vertical.

#### 19.3. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo vacantes

Posto de traballo	GR	CD	Servizo	CX
2 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18	Oral	934

A amortización de dous postos de traballo laborais fixos, de auxiliar de xestión tributaria e información, do subgrupo C2, nivel 18, adscritos **ao Servizo Oral**, xustifícase na creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións ao posto de traballo a desempeñar.

#### 19.4. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo funcionarizado

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
Administrativo/a de xestión tributaria	4	C1	20
Auxiliar de xestión tributaria	21	C2	18



Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal e que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

#### 19.5. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo, subgrupo C1, nivel 20, de Cohesión Social ao Oral (DLP), por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións neste Servizo, autorizada en base a experiencia adquirida en anos anteriores.

Cambiase a adscrición do posto de traballo de auxiliar, do subgrupo C2, ocupado por (SCP), ao Centro Príncipe Felipe, co obxecto de incorporar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións por motivos de saúde.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de operador/a de teclado, do subgrupo C1, nivel 20 da Tesourería ao Servizo Oral, para incorporar á titular no centro de traballo no que exerce as súas funcións.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo/a con xefatura de negociado, subgrupo C1, no Servizo do Oral, ocupado por José Romero Arean, ao Servizo de Tesourería, a fin de integrar ao titular na área na que desempeña o seu posto de traballo.

#### 19.6. Transformación de postos

Por razóns organizativas transformaranse os seguintes postos de traballo:

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR
1 Auxiliar administrativo/a (MIMG)	C2-18	1 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2-18
1 Administrativo/A de xestión catastral (RAMA)	C1-20	1 Administrativo/a de xestión tributaria	C1-20

A transformación dos postos de auxiliar administrativo do subgrupo C1-18 e de administrativo/a de xestión catastral do subgrupo C1-20, nun posto de auxiliar de xestión tributaria e información e nun posto de administrativo/a de xestión tributaria, respectivamente, promóvese co fin de homoxeneizar a súa nomenclatura, dada á similitude das funcións realizadas cos outros postos da mesma categoría e grupo de clasificación.

## 20. TESOURERÍA 934

#### 20.1. Cambio de adscrición



Adscribese a Tesourería un posto de traballo de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, de Igualdade cuxa titular (Beatriz Castro Diéguez) ven exercendo as súas funcións nesta área dende hai varios anos e coñece os procedementos que se tramitan.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo de Tesourería, do subgrupo C1, ao Servizo de Cooperación, por atoparse a súa titular realizando funcións nese Servizo dende hai varios anos (Eva Caeiro Paz).

Cambiase a adscrición de dúas persoas funcionarias con posto de administrativo/a, do subgrupo C1, de Intervención a Tesourería, por atoparse as titulares desempeñando as súas funcións nesta área (M<sup>a</sup> Virtudes Blanco Fariña e Alexandra Tato Torres) debido a xubilación do persoal que estaba levando o servizo.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de operador/a de teclado, do subgrupo C1, nivel 20 da Tesourería ao Servizo Oral, por estar desenvolvendo as súas funcións neste Servizo.

Cambiase a adscrición do posto de traballo de administrativo/a xefatura de negociado, do subgrupo C1, do Servizo do Oral, ocupado por José Romero Arean, a Tesourería, para integrar ao titular na área na que desempeña o seu posto de traballo.

## 21. COOPERACIÓN 942

### 21.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a de admón. xeral	A1	Técnico/a administrativo/a	25	Cooperación	942

A creación de unha praza de técnico/a de admón. xeral, subgrupo A1, con posto de técnico/a administrativo/a, nivel de CD 25, fundamentase no volume de traballo existente e a insuficiente dotación de persoal técnico para asumir a xestión de todos os plans e proxectos do Servizo.

### 21.6. Revisión del complemento de destino

Transformase o posto de traballo de xefatura de Sección de Cooperación, subgrupo A1 nivel 26, ocupado por Marcos Arean, nun posto de adxunto/a á xefatura de Servizo nivel 27, co fin de que colabore coa xefatura de Servizo e a substitúa en caso de ausencia ou enfermidade, prestando apoio nas labores de coordinación, control e seguimento dos procedementos.

Transformase un posto de técnico/a de xestión, subgrupo A2 23, ocupado por Patricia Nogueira, nun posto de xefatura de Sección de Plan de Cooperación, nivel 25

### 21.3. Cambio de adscrición



O cambio de adscrición dun posto de administrativo, subgrupo C1, nivel 20 de Tesourería a Cooperación, prodúcese por atoparse a titular realizando funcións neste Servizo (ECP).

O cambio de adscrición dunha persoa funcionaria que ocupa un posto de traballo de administrativo en Cooperación ao Servizo de Turismo, levase a cabo para poder integrala no Servizo no que desenvolve as súas funcións (María Varela Porral)

## 22. CREACIÓN DUN NOVO SERVIZO

Na estrutura organizativa do persoal funcionario da Deputación Provincial créase un novo Servizo de Xuventude e Reto demográfico, dependente do deputado delegado de Xuventude e reto demográfico, para integrar e por en marcha unha serie de medidas relacionadas con estas materias, algunhas das cales se levaban dende outros Servizos da Deputación, como o Servizo de Cohesión Social e Xuventude e Arquitectura e Urbanismo.

A este Servizo atribúenselle as seguintes competencias:

- Preparación e posta en marcha do I Encontro provincial de Xuventude
- Organización da Gala de entrega de Premios da VII Edición dos premios Provinciais á Xuventude e convocatoria da VIII Edición
- Organización das Conferencias Científicas dirixidas aos centros educativos da edición de 2023 e tramitación das Conferencias Científicas "Aida Fernández Ríos" da edición 2024
- Tramitación das bases reguladoras do programa Campamentos A Lanzada 2024 e do expediente de contratación do Servizo de restauración, cociña e limpeza do C.V. de A Lanzada.
- Elaboración da Ordenanza Reguladora de uso das Instalacións de A lanzada, có obxectivo de abrirlas á cidadanía principalmente á mocidade.
- Xestión da contratación menor de todo o que estea directamente relacionado có funcionamento do campamento de A Lanzada e futuros usos.
- Xestión técnico xurídica do Servizo de teleasistencia domiciliaria prestado aos concellos de menos de 20.000 habitantes, en coordinación có Servizo de Cohesión Social
- Tramitación do programa "Hub dixital", subvencionado polo MITECO, en proceso de implantación en 5 concellos da provincia de Pontevedra, valoración de ofertas técnicas, tramitación das bases reguladoras de selección do alumnado, seguimento do proxecto e xustificación da subvención.
- Elaboración de bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a asociacións xuvenís.
- Formalización de Convenio coa estación de montaña de Manzaneda e coa Granxa O Kiriko para ofertar prazas a nenos e nenas para estadias na neve e actividades medioambientais.
- Elaboración do Plan provincial de Xuventude e creación do Consello provincial
- Calquera outra liña de actuación de natureza análoga ás anteriores





Neste orzamento, este Servizo constitúese cun organigrama e RPT na que se integran os seguintes postos, procedentes dos Servizos que xestionaban parte das materias que se trasladan ao novo Servizo:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Técnico/a AX	A1	Xefatura de Servizo	29	Adscrición Provisional (BEB)
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico xestión	23	Ocupada por FI (HBR)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante
1	Encargado de instalacións	C1	Encargado/a de Instalacións A Lanzada	22	Ocupada por FC
2	Oficial/a de mantemento	C2	Oficial/a de mantemento	17	Ocupado por 1 FC e 1 FI

Así mesmo adscribíense a este Servizo as seguintes persoas que teñen un nomeamento de carácter temporal:

- Dona Silvia Mariño Laíño, axente de desenvolvemento social con nomeamento interino con cargo ao programa “Hub Dixital” para que continúe coa xestión, execución, supervisión e xustificación do mesmo.
- Dona Gaila Fernández Mariño, contratada en prácticas con cargo ao plan “A túa primeira experiencia laboral”, en proceso de formación e tutelada por Dona Begoña Estévez Bernárdez.

### 23. PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Nas relacións de postos de traballo de persoal funcionario modifícase a forma de provisión dos postos de traballo das xefaturas de servizo de Cultura, Deportes, NNTT e Areeiro, para permitir o acceso de persoal funcionario de igual praza, corpo ou escala doutras Administracións Públicas.

### 24. BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓN

Nas bases de aplicación de retribucións introdúcense as seguintes modificacións:

- Redúcese o número máximo de horas que se poden autorizar para traballos fóra da xornada laboral, que pasa de 50 horas mes a 40 horas mes.
- Elimínanse as referencias as retribucións das persoas contratadas en prácticas por estar equiparadas a postos de traballo base.
- Elimínanse as referencias á presentación dos partes en situacións de incapacidade temporal
- Elimínase a referencia á determinación do número de asistencias do tribunal cualificador no momento da constitución, ante a dificultade de facer esa previsión
- Requírese nas asistencias a cursos, xornada, congresos ou similares, achegar o programa da actividade para poder comprobar os horarios de inicio e fin das autorizacións en comisións de servizos.



- Requírese ter que xustificar as razóns polas que non se presentan as solicitudes de desprazamentos en comisión de servizos coa antelación esixida nestas bases.

## 25. ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

Na Escola Universitaria de Enfermería inclúense as seguintes modificacións na relación de postos de traballo de persoal laboral e de persoal colaborador:

- Na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo unificase a denominación de todos os postos de profesor/a de enfermería a tempo completo
- Na relación de postos de persoal colaborador, transformase o posto de profesor/a de prácticas clínicas I nun posto de profesor/a de Psicoloxía, coa mesma dotación económica e asignase ao posto de secretario/a académico/a unha gratificación de 2.460,24 € en cómputo anual.

Así mesmo, tendo en conta que este ano se formalizaron novos contratos de profesor/a enfermería a tempo completo tras a resolución dos procesos de estabilización de emprego temporal convocados ao amparo da Lei 20/2021, e que nos mesmos se recoñece o dereito das persoas contratadas a percibir o complemento de antigüidade, sen determinar o seu importe, en vistas á próxima integración deste persoal na Universidade de Vigo, neste orzamento contemplase o pago deste complemento persoal aplicando os criterios recollidos no Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, cuxo artigo 29 sinala que o persoal docente e investigador contratado con vínculo permanente percibirá por cada tres anos de servizos prestados, unha cantidade igual á do persoal funcionario do grupo A.

Asinado dixitalmente



## PROPOSTA COMPLEMENTARIA DO DEPUTADO DELEGADO DE PERSOAL

Vistas as alegacións presentadas polas seccións sindicais, unha vez revisadas as necesidades dos distintos centros e servizos e tendo en conta as limitacións previstas na Lei de Presupostos Xerais do Estado, PROPONSE introducir os seguintes cambios no cadro de persoal e relacións de postos de traballo:

### CREACIÓN DE PRAZAS

- Crease unha praza de analista de laboratorio para o Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade, debido ao cambio de adscrición de dúas prazas por redistribución de efectivos
- Crease unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial para Arquitectura e Urbanismo
- Crease unha praza de Arquitecto técnico para o Servizo de Arquitectura e Urbanismo
- Crease unha praza de tradutor para a Editorial de Patrimonio Documental e Bibliográfico

### AMORTIZACIÓNS

- Amortízase unha praza de arquitecto/a, do grupo A1, que quedou vacante dos procesos de estabilización de emprego temporal, adscrita ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo a fin de compensar a creación de dúas prazas nese Servizo
- Amortízase unha praza de arquivista bibliotecario, con posto de técnico medio de arquivo e biblioteca vacante por xubilación da titular

### CAMBIOS DE ADSCRICIÓN

- Cambiase a adscrición dun posto de analista de laboratorio da Finca Mouriscade ao Polígono de Lalin para integrar a persoa no Servizo no que desenvolve a súa actividade, por motivos de saúde.

### REVISIÓN DE NIVEIS DE COMPLEMENTO DE DESTINO

- Crease unha xefatura de Sección de proxectos no Servizo de Cooperación para a dirección, coordinación e supervisión de todos os proxectos do Servizo así como para substituír ao enxeñeiro xefe en caso de ausencia ou enfermidade
- Créase unha xefatura de Sección de Rexistro de Bens no Museo Provincial para así poder completar o deseño da nova estrutura organizativa
- Asígnase a xefatura de Sección de Publicacións ao posto de coordinador/a de publicacións do Museo Provincial, laboral fixo non funcionarizado.



- Actualízanse as denominación dos postos do Museo con cargo, cambiando as referencias de responsable por xefatura de Sección ou Unidade segundo corresponda.

#### FUNCIÓNARIZACIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL

Continuase co proceso de funcionarización do persoal laboral fixo da Deputación que realiza funcións reservadas a persoal funcionario e reúna os requisitos esixidos para acceder a través dunha promoción interna horizontal a prazas con tarefas substancialmente coincidentes. Así para o ano 2024 créanse no cadro de persoal funcionario as seguintes prazas, declarándose a extinguir os postos de persoal laboral fixo:

Nº	Praza de persoal funcionario	Posto de traballo laboral fixo	Gr	Nivel	Unid
4	AXUDANTE/A DE EDUCACION	AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	23	333
1	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	A2	23	333
2	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	20	333
2	AUXILIAR ATENCIÓN AO PÚBLICO	AUXILIAR ATENCIÓN AO PÚBLICO	C2	18	333
2	AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL	AUXILIAR DE XESTIÓN TRIBUTARIA E INFORMACION	C2	18	934

11

#### BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓN

- Na base segunda apartado C) relativa ao complemento de produtividade e con respecto aos *servizos prestados de forma ininterrompida dende o último contrato ou nomeamento en vigor*, elimínase a referencia ao último contrato ou nomeamento en vigor, sendo preciso que sexan ininterrompidos e se achegue informes favorables de todos os servizos nos que houberse traballado.
- Nas táboas de valoración dos subconceptos retributivos que integran o específico, introdúcese o cargo de xefatura de unidade como equivalente a xefatura de negociado
- As retribucións do persoal funcionario interino ou laboral temporal equipáranse a postos base do mesmo grupo de clasificación de persoal funcionario.

#### CREACIÓN DO GRUPO B

No próximo ano realizarase un estudo das prazas que procedería integrar neste grupo de clasificación e estarase a espera de que se produza o desenvolvemento normativo. De non aprobarse, analizarase a posibilidade de crear as prazas no próximo orzamento, coa mesma asignación de complemento de destino e específico que teñen actualmente.



## DEREITOS DE EXAME NOS PROCESOS SELECTIVOS

Consultada en Intervención a posible exención dos dereitos de exame aos colectivos propostos, informase que as exencións se establecen en atención a parámetros de carácter económico, de menor capacidade económica, salvo que unha lei permita o contrario, polo que o desemprego podería considerarse como situación de menor capacidade económica e estar exenta do pago dos dereitos de exame, pero non os casos de discapacidade, familia monoparental, ou familia numerosa

## TAXAS POLA EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS

Nas bases dos procesos selectivos de promoción interna que convoque a Deputación o próximo ano, recollerase, para as persoas que desexen participar, a expedición de certificados de servizos prestados sen taxa, por tratarse de información que xa obra en poder da Administración, debendo solicitalo para que se incorpore ao expediente.

## SEGURO SANITARIO

Tal e como se informou en reunións anteriores remitiuse o prego de condicións técnicas ao Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio para a contratación dunha póliza de seguro colectivo. Como existían dúbidas sobre o procedemento a seguir, unha vez analizada a situación, Contratación organizou una reunión cun mediador de seguros para valorar a proposta, a que tamén asistiu persoal de RRHH e Inspección Médica.

Nesa reunión acordouse solicitar ao mediador de seguros un estudo de mercado, sobre os prezos que ofrecen as distintas compañías á Deputación de Pontevedra coas coberturas e prestacións definidas inicialmente no prego de condicións técnicas.

O mediador sinalou que precisaría polo menos 15 días para elaborar ese estudo.

O procedemento a seguir consistiría na formalización dun convenio coa entidade aseguradora que ofrezca un menor prezo, sempre que cubra todas as prestacións.

Urxe a tramitación, xa que as persoas que teñen seguro concertado de forma individual teñen que preavisar, no caso de cambio, cun mes de antelación, polo que vaise a intentar ter preparado o expediente neste mes de novembro.

*asinado dixitalmente ao marxe.*



<b>EXPEDIENTE</b>	
<b>ASUNTO</b>	RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NO ORZAMENTO PROVINCIAL DO ANO 2024
<b>TRÁMITE</b>	PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE PERSOAL

Por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 10 de novembro de 2023 aprobose provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2023, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 218 do 13 de novembro de 2023.

O prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o próximo día 13 de decembro de 2023.

Por razóns organizativas e de mellora do funcionamento dos Servizos, vistas as alegacións presentadas á aprobación inicial do cadro de persoal e RPTs e consultadas as vicepresidencias e deputados/as de área, **PROPONSE**

**PRIMEIRO.**- aceptar parte das alegacións e incluír as seguintes modificacións:

1. A creación de dúas prazas do subgrupo A<sub>1</sub>, de técnico/a superior de xestión tributaria, con posto de traballo de técnico/a tributario, adscrito ao Servizo ORAL, a fin de impulsar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que ven desenvolvendo maiores funcións e co fin dotar os Servizos de persoal técnico de nivel superior. Esta creación levarase a cabo sobre dúas prazas de técnico medio do subgrupo A<sub>2</sub>, as cales se declaran a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
2. A creación dunha praza do subgrupo C<sub>1</sub>, de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Museo Provincial, co obxecto de facilitar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que asume maiores funcións. Esta creación levarase a cabo sobre unha praza de auxiliar do subgrupo C<sub>2</sub>, a cal se declara a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
3. A creación dunha praza de técnico/a de turismo, do subgrupo C<sub>1</sub>, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Turismo, para dar maior estabilidade ó servizo de atención ao público e información turística.



4. A creación dunha praza de de técnico/a de calidade, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, para que se encargue dos certificados de calidade actuais AENOR e IQNET así como do ENAC esixido pola UE para o diagnóstico de determinados patóxenos.
5. A creación dunha praza de de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Medio ambiente, Finca Mouriscade, dado o volume de traballo existente no laboratorio e aos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos
6. A amortización dun posto de traballo laboral fixo de administrativo/a do Museo Provincial por defunción do titular e para compensar as anteriores creacións.
7. A amortización dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de administrativo adscrito ao Servizo de Medio ambiente, vacante pola xubilación da titular.
8. A amortización dunha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrónomo/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección loita biolóxica A2-25 adscrito a Estación Fitopatolóxica Areeiro, vacante por promoción da titular.
9. A revisión do complemento de destino de cinco postos de traballo de oficial/a de servizos xerais e subalternos do Museo Provincial, que pasan do nivel 16 ao 17, por equiparación a postos do mesmo subgrupo de clasificación e funcións.
10. A asignación do factor perigosidade ao posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e de mantemento de nivel 17, do Museo Provincial, por equiparación a postos de traballo de similares características do mesmo centro de traballo e que están expostos a idénticos riscos e que contan con 0,70 puntos.
11. O cambio de adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Infraestruturas ao Servizo de Cooperación Polígono de Barro Meis, por mobilidade do posto de traballo e da persoa titular.
12. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, que queda vacante no Servizo de Cooperación, ao Servizo de Infraestruturas, por mobilidade e intercambio de postos de traballo.
13. O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo/a, ocupado pola funcionaria (IAD), do Servizo Oral ao Servizo de Turismo, por redistribución de efectivos.
14. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, que se atopa vacante, de Secretaría Xeral ao Servizo de Igualdade, por necesidades do Servizo.



15. O cambio de denominación dos seguintes postos de traballo do Museo Provincial, por unificación das nomenclaturas:

POSTO DE TRABALLO 2023	POSTO DE TRABALLO 2024
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	TÉCNICO/A MEDIO/A ARQUIVO DOCUMENTAL
AXUDANTE/A CONSERVACION ARQUIVO GRAFICO	TÉCNICO/A MEDIO/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRAFICO

16. O cambio de denominación do posto de auxiliar de xestión tributaria e información integrado no Centro Príncipe Felipe, polo de auxiliar de información e xestión, para adecualo a súas funcións.
17. Deixar sen efecto a transformación do posto de traballo de xefatura da unidade de Cociña nun posto de xefatura de Unidade de Cociña e Comedor, por estar disconforme o titular coa alteración do contido do posto que ocupa, sen efectuar unha valoración previa do novo posto en base á asignación de funcións, responsabilidades e persoal actualmente integrado noutra Unidade.

**SEGUNDO.**- Desestimar todas as demais alegacións presentadas polas seccións sindicais de CCOO e UGT, xa que ningunha delas se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aínda que se aceptasen algunha das cuestións expostas.

**TERCEIRO.**- Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo cos cambios sinalados.

O custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido a amortización de tres prazas e a existencia de vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

**CUARTO.**- Aprobar definitiva o orzamento do ano 2024.

Asinado dixitalmente

O deputado delegado de persoal

